

CONCELLO PLENO ACTA DE SESIÓN

ORGANO: CONCELLO PLENO.
ACTA NUMERO: 2023/16
CARÁCTER: EXTRAORDINARIA URXENTE
DATA: 16 de novembro de 2023.

Na Casa do Concello no Salón de sesións e diferentes membros da Corporación que se sinalan a través do sistema de videoconferencia sendo as vinte horas e dez minutos do día **16 de novembro de 2023** reúnese o Pleno en sesión convocada ao efecto con carácter **EXTRAORDINARIO URXENTE** baixo a presidencia do **Sr. Alcalde D. Fernando Suárez Barcia** e coa asistencia das persoas que á continuación se indican:

Concelleiros presentes

Polo Grupo do Partido Popular

D. Daniel Vega Pérez (Alcalde)
D^a Begonia Sanjurjo Santar
D^a Marta María Saiz García
D^a Montserrat Seijo Díaz
D. Diego dos Santos Rodríguez
D^a María Elena Sierra Pulpeiro
D. Francisco José Silvent Villalba

Polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego

D. Pablo Vizoso Galdo
D. Vicente Castro Reigosa.
D. Marcos Antonio Villamil Martínez (a través de videoconferencia)
D. Martin Graña Pérez
D^a Raquel Ferreira Alvarez. (a través de videoconferencia)

Polo Grupo do Partido dos Socialistas de Galicia-PSdeG-PSOE

D^a Marta García Rey (excusa ausencia)

Secretario Xeral:

D. José A. Carro Asorey (a través de videoconferencia)

Interventora:

D^a Maria Cristina González Santín (a través de videoconferencia)

Técnico de Admón.Xeral.

D. José Rodil Veiga



Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D.2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta esta e pásase ao tratamento dos asuntos comprendidos na Orde do día:

1.- PRONUNCIAMENTO DO PLENO SOBRE A URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN.

Aberta a sesión o Sr.Alcalde explica os motivos da urxencia da presente sesión como se sinalaba na convocatoria desta sesión no senso de que urxencia deriva da necesidade de entrada en vigor a primeiros de ano das tarifas das Ordenanzas fiscais que a continuación se sinalan.

O Pleno da Corporación por unanimidade dos membros presentes acorda a apreciación da urxencia da sesión polas causas indicadas e a subseguinte celebración da mesma conforme ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

2.-EXPEDIENTE 4233/2023 RELATIVO A MODIFICACIÓN ORDENANZA T26 REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DA PISCINA MUNICIPAL.

Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

VISTA a solicitude formulada por SERVICIO CULTURA DEPORTE Y RECREACIÓN S.L. (SERVICIO S.L.) en data 13/10/2023 con rexistro de entrada 2023-E-RE-3459, na que, de acordo á clausula 24 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, propoñen a adaptación a variación do IPC de setembro de 2022 a setembro do 2023 das tarifas da piscina municipal para o ano 2024,

VISTA a variación que experimenta o IPC dende setembro de 2022 ata setembro de 2023, dun 3,50%.

VISTO que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 2 de novembro de 2022, acordou actualizar a Ordenanza Municipal incrementando en 1 euro a tarifa do abono individual e familiar una vez realizadas as obras que deron lugar á modificación do contrato (expediente: 3667/2022).

VISTA a acta de inspección municipal de data 12 de setembro de 2023 da nova sala fitness,

E VISTAS as tarifas reguladas na Ordenanza Fiscal da Tasa da piscina municipal.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar, a actualización das seguintes tarifas para que se apliquen con efectos de 1 de xaneiro de 2024:



	ANO 2023 (+8,90)	ANO 2024 (+3,50)		
1. MATRÍCULA				
Cota de inscrición ou alta ABOADO:	45,52 €	47,11 €		
Cota de inscrición ou alta CURSILLISTA (temporada):	15,16 €	15,69 €		
2. COTAS ABOADOS				
	<i>Cota mensual</i>	<i>Cota mensual (+1 euro)</i>		
a) <i>Complejo deportivo (carácter anual)</i>				
- individual adulto (+16 anos)	36,43 €	38,71 €		
- individual infantil (-16 anos)	15,16 €	16,69 €		
- individual pensionista, xubilado, discapacitado	15,16 €	16,69 €		
- familiar	45,52 €	48,11 €		
3. ENTRADAS INSTALACIÓN (piscina + ximnasio + spa)				
- entrada adulto:	6,08 €	6,29 €		
- entrada infantil:	3,81 €	3,94 €		
- entrada pensionista, xubilado, discapacitado:	3,81 €	3,94 €		
4. BONOS 15 USOS INSTALACIÓN (só de 1 de xuño a 30 de setembro)				
- 15 usos adulto:	45,52 €	47,11 €		
- 15 usos infantil:	27,30 €	28,26 €		
- 15 usos pensionista, xubilado, discapacitado:	27,30 €	28,26 €		
5. ALUGUER INSTALACIÓNS				
- rúa do vaso deportivo (1 hora):	30,37 €	31,43 €		
- piscina para competicións (1/2 día):	455,42 €	471,36 €		
6. ACTIVIDADES ACUÁTICAS				
<i>Cota mensual</i>	<i>ABOADOS</i>	<i>NON ABOADOS</i>	<i>ABOADOS</i>	<i>NON ABOADOS</i>
a) <i>Infantil, pensionista, xubilado e discapacitado</i>				
- 1 día/semana	7,58 €	14,64 €	7,85 €	15,15 €
- 2 días/semana	15,16 €	29,32 €	15,69 €	30,34 €
- 3 días/semana	22,78 €	43,94 €	23,58 €	45,48 €
b) <i>Adultos</i>				
- 1 día/semana	10,58 €	19,51 €	10,95 €	20,19 €



- 2 días/semana	21,24 €	39,04 €	21,98 €	40,40 €
- 3 días/semana	31,87 €	58,55 €	32,99 €	60,60 €
c) Natación escolar				
- 1 día/semana	12,13 €		12,55 €	
- 2 días/semana	24,29 €		25,14 €	
d) Cursos intensivos de verán				
- Quince días	22,78 €	45,52 €	23,58 €	47,11 €

7. ACTIVIDADES DE XIMNASIO

a) Entreamentos personalizados fitness (test condición física + rutinas personalizadas):	15,16 €			15,69 €
------------------------------------------------------------------------------------------	---------	--	--	---------

8. CURSOS BEBÉS

	ABOADOS	NON ABOADOS	ABOADOS	NON ABOADOS
- cursos bebés 1 día	12,27 €	24,57 €	12,70 €	25,43 €
- cursos bebés 2 días	24,57 €	49,16 €	25,43 €	50,88 €

SEGUNDO.- Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da piscina municipal, da seguinte forma:

ORDENANZA FISCAL NÚMERO T26 reguladora da Piscina municipal

ANO 2024 (+3,50)

1. MATRÍCULA

Cota de inscrición ou alta ABOADO:	47,11 €
Cota de inscrición ou alta CURSILLISTA (temporada):	15,69 €

2. COTAS ABOADOS

	Cota mensual
a) Complexo deportivo (carácter anual)	
- individual adulto (+16 anos)	38,71 €
- individual infantil (-16 anos)	16,69 €
- individual pensionista, xubilado, discapacitado	16,69 €
- familiar	48,11 €

3. ENTRADAS INSTALACIÓN (piscina + ximnasio + spa)



- entrada adulto:	6,29 €
- entrada infantil:	3,94 €
- entrada pensionista, xubilado, discapacitado:	3,94 €

4. BONOS 15 USOS INSTALACIÓN (só de 1 de xuño a 30 de setembro)

- 15 usos adulto:	47,11 €
- 15 usos infantil:	28,26 €
- 15 usos pensionista, xubilado, discapacitado:	28,26 €

5. ALUGUER INSTALACIÓNS

- rúa do vaso deportivo (1 hora):	31,43 €
- piscina para competicións (1/2 día):	471,36 €

6. ACTIVIDADES ACUÁTICAS

Cota mensual	ABOADOS	NON ABOADOS
a) Infantil, pensionista, xubilado e discapacitado		
- 1 día/semana	7,85 €	15,15 €
- 2 días/semana	15,69 €	30,34 €
- 3 días/semana	23,58 €	45,48 €
b) Adultos		
- 1 día/semana	10,95 €	20,19 €
- 2 días/semana	21,98 €	40,40 €
- 3 días/semana	32,99 €	60,60 €
c) Natación escolar		
- 1 día/semana	12,55 €	
- 2 días/semana	25,14 €	
d) Cursos intensivos de verán		
- Quince días	23,58€	47,11 €

7. ACTIVIDADES DE XIMNASIO



a) *Entreamentos personalizados fitness (test condición física + rutinas personalizadas):* 15,69 €

8. CURSOS BEBÉS

	OADOS	AB NON ABOADOS
- cursos bebés 1 día	12,70 €	25,43 €
- cursos bebés 2 días	25,43 €	50,88 €

TERCEIRO.- Dacordo co artigo 17 do real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a publicación no boletín oficial da provincia así como no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Finalizado o período de exposición pública, adoptarase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se presentaron e aprobando a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentaron reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

O acordo definitivo a que se refire o apartado anterior, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no boletín oficial da provincia.

A Corporación por unanimidade dos seus membros presentes acorda prestar aprobación á proposta de referencia nos seus propios termos.

3.- EXPEDIENTE NÚM. 4163/2023 RELATIVO A MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLO USO DA REDE DE SUMIDOIROS E A TAXA POLA SUBMINISTRACIÓN DE AUGA

Dase conta da Proposta da Alcaldía que se transcribe:

PROPOSTA DE ALCALDÍA

VISTA, a solicitude formulada por VIAQUA en data 18/10/2022 NRE-2022-3098, na que, de acordó ao contrato de concesión proponen a adaptación a variación do IPC de setembro de 2022 a setembro de 2023 das tarifas para o ano 2024,

VISTA a variación que experimenta o IPC dende setembro de 2022 ata setembro de 2023, dun 3.50%

VISTAS as tarifas reguladas na Ordenanza Fiscal da Tasa reguladora de rede de sumidoiros e a Tasa reguladora da subministración de auga.

PROPÓNSE AO PLENO DA CORPORACIÓN A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO

PRIMEIRO.- Aprobar, a actualización das seguintes tarifas para que se apliquen con efectos de 1 de xaneiro de 2024:



ORDENANZA FISCAL T18 TAXA DISTRIBUCIÓN AUGA

Tipo de uso	Mínimo de consumo (m3 ó bimestre)	IN.3.5% IPC			
		2023		2024	
		Cota mínima (€ ó bimestre)	Exceso de consumo (€ por m3)	Cota mínima (€ ó bimestre)	Exceso de consumo (€ por m3)
1. Usos particulares e domésticos	20 m3 ao bimestre	13,4008078	0,671941053	13,869836	0,695459
2. Usos industriais e comerciais					
a) Establecementos dedicados a: cafés, bares, tabernas, bodegóns, casas de comidas, restaurantes e similares	30 m3. ao bimestre	24,7902615	0,828753045	25,657921	0,857759
b) Establecementos dedicados a bazares, mercerías e similares	12 m3. ao bimestre	9,9182481	0,8287530450	10,265387	0,857759
c) Obras de construción ou reparación de edificios	100 m3. ao bimestre	242,083373	2,417887621	250,556291	2,502513
d) Obras de construción ou reparación de vivendas unifamiliares	50 m3. ao bimestre	38,2279387	0,811307091	39,565917	0,839703
b) Non obstante o anterior, cando se trate de establecementos industriais que teñan un consumo superior ós 3.000 m3. mensuais		O exceso de consumo sobre os mínimos será euros/m3		O exceso de consumo sobre os mínimos será euros/m3	
		0,82875305		0,857759	
c) Excepcionalmente, e previa autorización expresa deste Concello, os usuarios que consuman do abastecemento de augas a Noceda para usos industriais e agrícola-gandeiros, para conexións que se realicen antes dos depósitos e cloración das augas fíxase		Unha tarifa euros/m3 par a o mínimo	Unha tarifa euros/m3 par a os excesos	Unha tarifa euros/m3 para o mínimo	Unha tarifa euros/m3 par a os excesos
		0,64964434	0,671941053	0,672382	0,695459

ORDENANZA FISCAL T16 - SUMIDOIROS, TRATAMENTO E DEPURACIÓN

	IN.3.5% IPC	
	ANO 2023	ANO 2024
	€/bimestre	€/bimestre
A) Edificacións con soto ata 900 m2	26,86563	27.81
B) Edificacións con soto entre 900 e 2.000 m2	53,75304	55.63
C) Edificacións con soto de máis de 2.000 m2	80,62956	83.45

SEGUNDO.- A aprobación inicial da modificación das ordenanzas fiscais reguladoras dos servizos, da seguinte forma:

ORDENANZA FISCAL NÚMERO T18. TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA


Artigo 5º. Cota tributaria

1. A taxa esixirase de acordo ás tarifas que a continuación se especifican:

A) Por entronque na rede municipal de augas:

- a) Con carácter xeral pola concesión de licencia de entronque na rede municipal de augas 37,93 euros.
 b) Ademais por cada vivenda ou local independente de que dispoña o edificio aboarase 18,98 euros. As indicadas tarifas non inclúen os gastos de execución de toma, que serán por conta do solicitante.

B) Por subministro:

- a) Establécense os seguintes mínimos de consumo, expresados en número de m3. ó bimestre, cotas mínimas de consumo, expresadas en euros ó bimestre, e prezo de m3. de exceso sobre os mínimos de consumo:

Tipo de uso	Mínimo de consumo (m3 ó bimestre)	Cota mínima (€ ó bimestre)	Exceso de consumo (€ por m3)
1. Usos particulares e domésticos	20 m3 ao bimestre	13,869836	0,695459
2. Usos industriais e comerciais			
a) Establecementos dedicados a: cafés, bares, tabernas, bodegóns, casas de comidas, restaurantes e similares	30 m3. ao bimestre	25,657921	0,857759
b) Establecementos dedicados a bazares, mercerías e similares	12 m3. ao bimestre	10,265387	0,857759
c) Obras de construción ou reparación de edificios	100 m3. ao bimestre	250,556291	2,502513
d) Obras de construción ou reparación de vivendas unifamiliares	50 m3. ao bimestre	39,565917	0,839703

b) Non obstante o anterior, cando se trate de establecementos industriais que teñan un consumo superior ós 3.000 m3. mensuais, o exceso de consumo sobre os mínimos será de **0,857759** euros/m3.

c) Excepcionalmente, e previa autorización expresa deste Concello, os usuarios que consuman do abastecemento de augas a Noceda para usos industriais e agrícola-gandeiros, para conexións que se realicen antes dos depósitos e cloración das augas fíxase unha tarifa de **0,672382** euros/m3 para o mínimo, e **0,695459** para os excesos.

d) Usuarios do termo municipal de Trabada: Ós veciños do termo municipal de Trabada usuarios do Servicio Municipal de Augas de Ribadeo acollidos previo acordo plenario aplicaráselles o mesmo réxime de tarifas anteriormente fixado.

2. Establécense uns mínimos para os casos que soamente teñan saneamento de 25 m3 para as vivendas domésticas de 22 m3 para o uso industrial e 112 m3 para cafés, bares, tabernas, bodegóns, casas de comidas, restaurantes e similares.

3. Establecese unha fianza polo importe total de 2 recibos do consumo mínimo, incluíndo todos os conceptos facturados por auga, saneamento, depuración e lixos, á recuperar polo aboado no momento da baixa. Nos casos que produzan baixa de oficio por impago, esta cantidade aplicarase para minorar os custes serrados na reclamación da débeda

ORDENANZA FISCAL T16 TAXA POLOS SERVIZOS DE SUMIDOIROS, TRATAMENTO E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS, INCLUÍDA A VIXILANCIA ESPECIAL DE SUMIDOIROS PARTICULARES.



Artigo 5º. Cota tributaria

1. A cota tributaria da taxa estará constituída por unha tarifa conforme ó número de locais ou vivendas que desaugüen conxuntamente a través da acometida para a que se solicita autorización, e polos metros cúbicos de auga consumida no caso de prestación do servizo de evacuación e tratamento.

2. A tarifa correspondente á concesión da licenza ou autorización de acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha sola vez e consistirá:

a) na cantidade fixa de 19,00 euros.

b) e, ademáis, por cada vivenda ou local de que dispoña o edificio aboará outros 19,00 euros.

3. A tarifa pola prestación do servizo de evacuación e tratamento será o resultado de aplicar ó importe liquidado pola taxa por prestación do servizo de abastecemento domiciliario de auga por mínimo de consumo e exceso sobre o mínimo, o tipo de gravame do 20 por 100.

4. Ós efectos de cuanto dispón o número tres anterior, en ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable polo seu suministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínima esixible.

5. Cota tributaria do vertido ou filtración do terreo ou manantiais:

Unha vez concedida a licenza ou a autorización de acometida á rede de sumidoiros, ou causada alta de oficio, esixirase conforme ao cadro seguinte:

A tarifa por vertido de filtracións do terreo establécese en base aos m2 da planta do soto, tanto para obra coma para a edificación finalizada, conforme á cota tributaria seguinte:

	€/bimestre
A) Edificacións con soto ata 900 m2	27.81
B) Edificacións con soto entre 900 e 2.000 m2	55.63
C) Edificacións con soto de máis de 2.000 m2	83.45

6. Establécese unha fianza polo importe total de 2 recibos do consumo mínimo, incluíndo todos os conceptos facturados por auga, saneamento, depuración e lixos, á recuperar polo aboado no momento da baixa. Nos casos que produzan baixa de oficio por impago, esta cantidade aplicarase para minorar os custes serrados na reclamación da débeda”.

TERCEIRO.- Dacordo co artigo 17 do real decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a publicación no boletín oficial da provincia así como no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días, como mínimo, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Finalizado o período de exposición pública, adoptárase o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se presentaron e aprobando a redacción definitiva da ordenanza. No caso de que non se presentaron reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de acordo plenario.

O acordo definitivo a que se refire o apartado anterior, incluíndo o provisional elevado automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro da ordenanza ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no boletín oficial da provincia.

A Corporación por unanimidade dos seus membros presentes acorda prestar aprobación á proposta da alcaldía de referencia nos seus propios termos.



Sendo as vinte horas e trece minutos e non habendo mais asuntos que tratar o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión estendéndose a presente acta do que eu Secretario dou fe.

O ALCALDE,
Asdo. DANIEL VEGA PÉREZ

O SECRETARIO XERAL,
Asdo. JOSÉ A.CARRO ASOREY

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE

